



**Modificación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía**  
**Aprobada pola Xunta de Facultade da Facultade de Filoloxía do 30/05/2018 e polo Consello de Goberno do 27/06/2018**

**Modificación da Comisión de Estratexia e de Garantía de Calidade**

Ao abeiro da resolución pola que se actualiza a composición da Comisión de Garantía de Calidade (CGC) dos SGC do centros, aprobada pola Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente de data 17 de novembro de 2017 e recibida na Facultade de Filoloxía o 27 de abril de 2018, débese modificar o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía, aprobado no Consello de Goberno de 30 de outubro de 2017, para dar cumprimento a dita resolución.

Por tal motivo no **artigo 21. A Comisión de Estratexia e de Garantía de Calidade, apartado 2:**

Onde di: *"Un representante do PDI do centro, designado pola Xunta de Facultade, en representación das áreas de coñecemento non incluídas na comisión noutros postos o usen docencia de materias básicas nos graos"*

Debe dicir: *"Dous representantes do PDI do centro, designado pola Xunta de Facultade, en representación das áreas de coñecemento non incluídas na comisión noutros postos o usen docencia de materias básicas nos graos".*

Onde di: *"Un/ha técnico/a da Unidade Técnica de Co/idade, con voz e mais sen voto.*

*Un/ha representante dos egresados, a proposta deste grupo de interese, con voz mais sen voto.*

*Un/ha representante dos empregadores, a proposta deste grupo de interese, con voz mais sen voto".*

Debe dicir: *"Por iniciativa da presidencia da Comisión, poden participar nas reunións como convidadas, con voz e sen voto, persoas que teñan relación directa cos puntos establecidos na orde do día, como persoal da Unidade Técnica de Co/idade, egresadas/os, empregadores/as, etc."*

**Modificación da Comisión de Relacións Internacionais**

O Regulamento da Universidade da Coruña sobre mobilidade internacional de estudantes no **artigo 2. apartado 7. Comisión de Relacións Internacionais da Facultade ou Escola** establece que en cada escola ou facultade existirá unha comisión delegada da xunta do centro encargada das actividades de internacionalización, e non se establece como membro obrigatorio o decano/a da facultade, polo que debe modificarse o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía, aprobado no Consello de Goberno de 30 de outubro de 2017.

Por tal motivo no **artigo 26. Da Comisión de Relacións Internacionais, apartado 2:**

Onde di: *"- O/a decano/a, ou o/a vicedecano/a en quen delegar, que a preside e convoca.*

*- O/a vicedecano/a responsábel de Relacións Internacionais. "*

Debe dicir: *"O/a vicedecano/a responsábel de Relacións Internacionais, que a preside e convoca."*

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno do **27 de xuño de 2018**  
O secretario xeral

Código Seguro De Verificación	Wqw8oqV25Ap0Si3gTiGNOA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	28/06/2018 14:29:30
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Wqw8oqV25Ap0Si3gTiGNOA==">https://sede.udc.gal/services/validation/Wqw8oqV25Ap0Si3gTiGNOA==</a>		

